

**ACTA NÚM. 07/2015 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO O DÍA 26 DE XUÑO DO 2015.**

**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

Na sala de sesións da sede da Entidade Local Menor de Chenlo, concello do Porriño, provincia de Pontevedra, sendo ás vinte horas e dez minutos do día vinteseis de xuño do ano dous mil quinze, reúnense a Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Chenlo baixo a presidencia do Alcalde Pedáneo D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, co obxecto de levar a efecto sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Asisten os seguintes vocais:

- D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (P.P.).
- D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ. (P.P.).
- D. JACOBO ALONSO IGLESIAS. (P.P.).
- D. JOSE LUÍS FERNÁNDEZ VÁZQUEZ. (PSdeGPSOE).

No asiste a Interventora da Entidade D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Miguélez Casás.  
Actúa como Secretario Manuel Cudeiro Mazaira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pasase a tratar os seguintes asuntos da orden do día:

**1. ACTA ANTERIOR DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO POR MOR DAS ELECCIÓNS A ALCALDE PEDÁNEO CELEBRADAS O PASADO 24 DE MAIO DE 2015.**

Non habendo ningunha obxección á acta anterior nº 06/2015, de data 16-06-2015 de constitución da Xunta Veciñal desta Entidade, se considera aprobada votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros presentes desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSde G-PSOE).

**2. DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO.**

O Alcalde Pedáneo le a súa proposta de data 22-06-2015 que é do teor literal seguinte:

*“Esta alcaldía Pedanía, de conformidade co disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro (ROF) e artigo 210. 2 a) da Lei 5/ 19997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, **PROPÓN** á Xunta Veciñal a adopción do seguinte **ACORDO**:*

*A xunta veciñal desta entidade celebrará sesións ordinarias cada dous meses o primeiro Martes do mes correspondente, ás 20:00 horas, a non ser que tal data coincida con días festivos ou similares nos que non se poida ou non sexa conveniente a súa celebración, en cuxo caso se pasará a celebrar aos dous días seguintes hábiles.*

*Respecto a hora prefixada se faculta ao Alcalde Pedáneo para que a poida cambiar de forma motivada.”*





Seguidamente o Presidente somete a votación ordinaria a anterior proposta quedando APROBADA cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros presentes desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSde G-PSOE).

### 3. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS.

O Alcalde Pedáneo le a súa proposta de data 22-06-2015 que é do teor literal seguinte:

*“Esta alcaldía Pedanía de conformidade co disposto no artigo 20.1.e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LRBRL), 38 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro (ROF) e artigo 210. 2 a) da Lei 5/ 19997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia **PROPÓN** á Xunta Veciñal a adopción do seguinte **ACORDO**:*

*Crear a comisión especial de contas coa composición e réxime de sesións seguinte:*

*Composición:*

*Considerando a proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados nesta entidade, a devandita comisión se integrará da seguinte forma:*

*-Terá tres vocais do PP, e un do PSde G-PSOE.*

*-O voceiro de cada grupo político, en escrito dirixido á Alcaldía Pedanía, realizará a adscrición concreta á devandita comisión dos vocais que deberán forma parte da mesma.*

*Réxime de sesións:*

*A referida comisión celebrará sesión nos días e horas que estableza o Alcalde Pedáneo.”*

Seguidamente o Presidente somete a votación ordinaria a anterior proposta quedando APROBADA cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros presentes desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSde G-PSOE).

### 4. DEDICACIÓN PARCIAL DUN VOCAL DESTA ENTIDADE.

O Alcalde Pedáneo le a súa proposta de data 23-06-2015 que é do teor literal seguinte:


*“Resultando que por Decreto, de data 22 de xuño de 2015, se delegou no vocal desta Entidade D. Daniel González Pérez as atribucións da Alcaldía Pedanía para a dirección, xestión, control e coordinación das actuacións relativas ao patrimonio da Entidade, iluminación pública, vías e obras e traballos directa ou indirectamente relacionados co aproveitamentos madeirables así como as demais actuacións derivadas do exercicio das competencias desta Entidade Local Menor que entren dentro da delegación.*

#### **Entidad Local Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22





**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TEL.F.: 608 88 62 22

*Resultando que no Orzamento do exercicio 2015 prorrogado do de 2012 (último aprobado) existen unha dotación orzamentaria na aplicación 931.100 00 de 15.600 euros para facer fronte ás asignacións dos órganos de goberno.*

*Considerando que a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local establece que "Los miembros de Corporaciones locales de población inferior a 1.000 habitantes no tendrán dedicación exclusiva. Excepcionalmente, podrán desempeñar sus cargos con dedicación parcial, percibiendo sus retribuciones dentro de los límites máximos señalados al efecto en la Ley de Presupuestos Generales del Estado."*

*Considerando que o artigo undécimo do Real Decreto-Lei 1/2014, de 24 de xaneiro, establece:*

*"En el caso de Corporaciones Locales de menos de 1.000 habitantes, resultará de aplicación la siguiente escala, atendiendo a su dedicación:*

<i>Dedicación</i>	<i>Referencia</i>
<i>Dedicación parcial al 75%</i>	<i>30.000 euros</i>
<i>Dedicación parcial al 50%</i>	<i>22.000 euros</i>
<i>Dedicación parcial al 25%</i>	<i>15.000 euros»</i>

*Considerando que a devandita consignación orzamentaria de 15.600,00 euros que procede aplicar para facer fronte ás retribución brutas da dedicación parcial ao 75% do expresado vocal delegado, está dentro do limite de 30.000 euros fixado para as dedicacións parciais para as Corporacións Locais de menos de 1.000 habitantes, como é o caso desta Entidade local Menor.*



*Considerando todo o anterior esta Alcaldía Pedanía estima que existen razóns excepcionais que xustifican a existencia desta adicación parcial como son a dirección, xestión, control e coordinación das actuacións relativas ao patrimonio da Entidade, iluminación pública, vías e obras e traballos directa ou indirectamente relacionados co aproveitamentos madeirables así como as demais actuacións derivadas do exercicio das competencias desta Entidade Local Menor que entren dentro da delegación.*

*Vistos os preceptos citados e demais concordantes e de xeral aplicación, esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta Veciñal a adopción do seguinte acordo:*

*Establecer unha dedicación parcial ao 75% á Vocalía de Patrimonio e Vías e Obras cunhas retribucións brutas de 15.600,00 euros anuais, divididas en doce pagas iguais de devengo mensual, dándoo de alta a quen desempeñe tal cargo no Réxime Xeral da Seguridade Social.*

*O réxime de adicación mínima necesaria para a percepcións destas retribucións será de 30 horas semanais."*

Seguidamente o Presidente somete a votación ordinaria a anterior proposta quedando APROBADA cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros presentes desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSde G-PSOE).

### **5. DESIGNACIÓN DE TESOUREIRO DESTA ENTIDADE.**

O Alcalde Pedáneo le a súa proposta de data 22-06-2015 que é do teor literal seguinte:



**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

*“Esta alcaldía Pedanía de conformidad co disposto na normativa de réxime local **PROPÓN** á Xunta Veciñal a adopción do seguinte **ACORDO**:*

*Nomear Tesoureiro desta Entidade Local Menor ao a o vocal D. Daniel González Pérez, ao abeiro do disposto na normativa de réxime local, esencialmente na Lei 7/1985, de 2 de abril, Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Real decreto 1732/1994 de 29 de xullo, e a Orden de 16 de xullo de 1963 sobre Depositaria non desempeñadas por funcionarios declarada vixente polo Real decreto 3046/1977, de 6 de outubro.”*

Seguidamente o Presidente somete a votación ordinaria a anterior proposta quedando APROBADA cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros presentes desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSde G-PSOE).

**6. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE DESIGNACIÓN DO VOCAL QUE COMO SUSTITUTO EXERCERÁ A VICEPRESIDENCIA DESTA ENTIDADE EN CASOS DE AUSENCIA, VACANTE OU ENFERMIDADE DO ALCALDE PEDÁNEO.**

A Presidencia dá conta da resolución da Alcaldía Pedanía, de data 22-06-2015, que a continuación se transcribe:

*“**DECRETO**- Toda vez corresponde o Alcalde Pedáneo designar e remover libremente ao Vocal que haxa de substituílo en caso de ausencia, vacante ou enfermidade segundo establecen o artigo 145 do RD 2568/1986, de 28 de decembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidade Locais e o artigo 160 da Lei 5/1997, de 22 de xullo da Administración Local de Galicia, esta Alcaldía Pedanía **RESOLVE**:*

*Designar a D. JACOBO ALONSO IGLESIAS vocal substituto para casos de ausencia, vacante ou enfermidade do alcalde pedáneo que subscribe.*

*O devandito vocal substituto adquire así a condición de Vicepresidente da Xunta Veciñal desta Entidade Local Menor de Chenlo.*

*O mandou e asina o Sr. Alcalde Pedáneo, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, no Porriño a vinte e dous de xuño de dous mil quince.”*

Non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, cando son as vinte horas e vinte minutos do día et supra. Dou fe.